

Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, de construción e declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación eléctrica no concello de A Laracha (expediente: IN407A 2022/72-1).

Expediente: IN407A 2020/72-1

Solicitante: Hidroeléctrica de Laracha, S.L.

Denominación: LMTS, CT A VIÑA - GOLMAR E ENLACE COA RBT.

Concello: A Laracha.

1) Características técnicas:

-Novo Centro de Transformación prefabricado de manobra interior de tipo PFU-3, que irá ubicado nunha parcela con acceso dende vial público de circulación, no que se instalará un transformador de 50 kVA. Instalaranse dúas celas de liña (unha delas de reserva) e unha cela de protección para o transformador proxectado, todas elas con illamento en SF6.

-Para alimentar ao novo centro proxéctase liña de Media Tensión subterránea en condutor de tipo RHZ1 - 12/20 kV, 3 (1x150 Al), que terá o seu inicio na cela de liña do CT Gasolinera Golmar (obxecto doutro proxecto), e finalizará no Centro de Transformación proxectado, sendo a lonxitude total da liña de Media Tensión subterránea proxectada de 810 metros.

-Para realizar o enlace coa rede de Baixa Tensión aérea existente, proxéctase unha saída de Baixa Tensión subterránea desde o Centro de Transformación proxectado. A nova liña proxectada realizarase en condutor de tipo XZ1-0,6/1 kV, 4(1x240 Al), e terá o seu inicio no cadro de Baixa Tensión do Centro de Transformación proxectado, e finalizará nos pasos de subterráneo a aéreo a realizar nos apoios proxectados de formigón de tipo HV-9/630 e HV-11/630, sendo a súa lonxitude total de 196 metros

2) Lexislación de aplicación:

- I. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- II. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

Xefatura Territorial
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA
DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN
Edificio Administrativo de Monelos
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña
T. 34 981 184 902
cei.xtcoruna@xunta.gal
www.ceei.xunta.gal





- III. Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- IV. Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- V. Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- VI. Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- VII. Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, industria e Innovación da Coruña, (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así coma no concello. Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este Acordo e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos, sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste Acordo.

Ademais, se poderá consultar no portal web da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación:
<https://edicionportais.xunta.es/web/portal-cei-2014/transparencia/informacion->





publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte.

A Coruña,

Isidoro Martínez Arca
Xefe territorial da Coruña

ANEXO

Expediente: IN407A 2020/72-1

Solicitante: Hidroeléctrica de Laracha, S.L.

Denominación: LMTS, CT A VIÑA - GOLMAR E ENLACE COA RBT.

Concello: A Laracha.

Relación de propietarias/os, bens e dereitos afectados

Abreviacións:

ML. aé.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.

ML. sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.

M² aé.: superficie de servidume aérea en m²

M² sot.: superficie de servidume soterrada en m².

Número de predio: 1.

Referencia catastral: 15042A080000010000KZ

Cultivo: Prados

Propietaria/o: Consuelo Pérez Brandón

Afección de solo en pleno dominio:

- Edificación, beirarrúa e acceso
- M²: 58,00

